

COLECCIÓN DE XERMOPLASMA BIODIV_GNP

Especies

As especies incluídas no proxecto foron seleccionadas en función do seu grado de ameaza, endemidade e carácter transfronteirizo e clasificadas en catro niveis:

1. Plantas endémicas ou subendémicas CR e EN a nivel global, comúns a Galiza e N de Portugal. (Exemplos: *Armeria humilis* subsp. *humilis*, *Iris boissieri*)
2. Plantas endémicas ou subendémicas CR e EN a nivel global, presentes na Galiza ou no Norte de Portugal (*Armeria merinoi*, *Murbeckiella sousae*)
3. Plantas CR e EN a nivel da Península Ibérica comúns á Galiza e N de Portugal sempre que esten nun agudo proceso de redución a nivel global ou cuxa presenza na Península este centrada na Galiza e N de Portugal (*Nymphoides peltata*, *Eleocharis parvula*)
4. Plantas CR e EN a nivel da Península Ibérica, presentes na Galiza ou no N de Portugal sempre que esten nun agudo proceso de redución a nivel global ou cuxa presenza na Península este centrada na Galiza ou N de Portugal (*Luronium natans*).

Para a colleita do xermoplasma, enfocando o interese de facer unha planificación conxunta para a conservación no ámbito transfronteirizo do proxecto, propoñemos como mínimo a colleita das especies seleccionadas comúns a Galiza e Norte de Portugal.

As correspondentes ao Nivel 1 e Nivel 2:

NIVEL 1

Armeria humilis subsp. *humilis*
Armeria humilis subsp. *odorata*
Armeria sampaioi
Dianthus laricifolius caespitosifolius
Eryngium duriaei subsp. *juresianum* *
Euphorbia uliginosa
Galium belizianum
Iris boissieri
Klasea legionensis
Phalacrocarpum oppositifolium subsp. *hoffmannseggi*

NIVEL 3

Eleocharis parvula
Eryngium viviparum
Genista ancistrocarpa
Lindernia procumbens
Lycopodiella inundata
Nymphoides peltata
Rhynchospora modesti-lucennoi
Scirpus pungens
Selinum broteri

Aparte deste mínimo a recolección de poboacións das especies listadas nos niveis 2 e 4, ou de calquera outra de interese para a área de traballo, sumará para a consecución duns mellores resultados no proxecto.

Selección de poboacións

Mostreo dun mínimo de **5 poboacións** a través de todo o rango xeográfico do taxón. O límite para a consideración de poboacións diferenciadas poderá realizarse para cada unha das especies en función do coñecemento da súa bioloxía reproductiva e da presenza de barreiras entre os distintos núcleos. En caso de non contar con información previa propoñemos un **límite de 1 km**.

Para a selección das cinco poboacións deben seguirse os seguintes pasos:

Recopilación da información previa existente (bibliografía, herbario, comentarios persoais, ...). Nalgún dos casos non existirán as cinco poboacións polo que deberán mostrearse todas as poboacións coñecidas, pero para aquelas cunha distribución maior, deben analizarse os seguintes factores para unha selección de poboacións que procure abranger a maior representación xenética (pode apoiarse nun análise GIS da información dispoñíbel):

- Seleccionar poboacións con diferencias ecolóxicas importantes (Altitude, Tipo de substrato, climatoloxía,...)
- Selección de poboacións con maior grado de ameaza.
- Selección de poboacións con algunha diverxencia morfolóxica, diferentes niveis de ploidía, diferenzas en marcadores moleculares,...
- Selección de núcleos accesíbeis. (dentro dos grupos establecidos polos anteriores criterios, considerar a mellor accesibilidade para optimizar o esforzo).

Mostraxe de poboacións

Establecer o período óptimo de recolección en base aos datos de fenoloxía dispoñíbeis.

Con carácter xeral e sempre que sexa posible debe mostrearse un mínimo de 30 exemplares por poboación, procurando recoller un número similar de sementes ou froitos en cada exemplar. Como indicabamos máis arriba o límite umbral para considerar distintas poboación é 1 km.

A mostra non debe superar o 20 % de sementes maduras dispoñíbeis en cada núcleo, para non poñer en risco o reclutamento anual da especie. Para as especies anuais e para as poboacións de pequeno tamaño (< 50 individuos) este límite será do 10 %. Tampouco debe ser recollido máis do 20 % das sementes de cada exemplar, co obxectivo de non extraer da poboación natural variabilidade xenética.

No caso de poboacións de pequeno tamaño nas que non sexa posible mostrear máis de 15 individuos, de ser posible as mostras conserváranse individualizadas no Banco de Xermoplasma.

Debe analizarse a distribución da poboación procurando representar na mostra toda a variabilidade dos microhábitats nos que medra a especie (distintos tipos de solos, diferenzas altitude, maior exposición solar, diferenzas profundidade da auga,).


Deben evitarse, na medida do posible, sesgos cara a mostraxe dos individuos de maior tamaño ou cara aqueles que presenten un maior número de froitos.

As mostraxes en poboacións con distribución continúa ou lineal, poden plantearse con transectos aleatorios nunha dirección determinada e nos que se recollen mostras cada x metros.

Nalgún caso pode resultar necesaria unha visita en período de floración para a correcta identificación ou para a mellor localización dos exemplares.

FICHA DE RECOLECCIÓN

Explicación dos distintos campos da ficha (pendente de elaborar)

 Biodiversidade ameazada Galiza-Norte de Portugal		COLECCIÓN DE XERMOPLASMA BIODIV_GNP	
Banco(s) de Xermoplasma			
ID Colección		Nº de Colleita	
Colector		Voucher Herbario	Si/Non Nº:
Fotos asociadas:			

Banco de Xermoplasma: Bancos nos que se deposita material, a cubrir tras o procesado das mostras en Santiago.

ID Colección: composto polas letras iniciais do xénero, tres da especie, tres da localidade e data en formato Dia/Mes/Ano.

Exemplo *Santolina melidensis* da localidade de Barazón.: sanmelbar07_08_2012

Nº de Colleita: Identificador igual que o do campo coas distintas mostras recollidas separadamente nunha localidade. Só a cubrir no caso de recoller máis dunha mostra por localidade.

Exemplo: 1ª Mostra Barazón. sanmelbar07_08_2012_01

2ª Mostra Barazón: sanmelbar07_08_2012_02

...

Colector: Indicar Nome e Apelido dos distintos colectores da mostra.

Voucher Herbário: Indicar si se recolle pliego. Indicar o acrónimo do herbario onde se deposita e a numeración, ben do herbario ou do colector. De depositar os pliegos ao Herbário Sant este campo cubrírase a posteriori do procesado das mostras.

Fotos asociadas: nomeadas igual que o ID da Colección e numeradas correlativamente sanmelbar07_08_2012_01.jpg. [Recomendábel reducir o tamaño da imaxe, sendo o máximo recomendábel 600 px no seu lado maior.](#)

Taxon			
Nome común (lingua)			
Estado		Provincia	
Concello			
Localidade			

Taxon: Nome científico con autoría.

Nome común: encher exclusivamente se o nome foi recollido na área xeográfica da localidade.

Localidade: Precisión da localidade, e desexábel o uso da toponimia menor local para detallar a zona, mas a descripción do lugar tamén debe permitir a localización aproximada na cartografía local.

Coordenadas UTM (m)	X		Fuso:
Datum:	Y		
Arquivos GPS (opc.)			
Altitude (m):			
Profundidade auga (m)(acuáticas):			
Pendente (%):			
Orientación:			

Coordenadas UTM (m):

Datum: Indicar o datum no que se recolleron as coordenadas UTM. (ED50, WGS84, ETRS89)

Arquivos GPS: se na colleita se rexistran varios campos, adxuntar táboa descarganda dende o GPS. Formatos xls, dbf, shp.

Pendente: Este dato pode ser moi variábel na totalidade da poboación, indicar aproximadamente o tipo de pendente no que a especie aparece preferentemente.

Orientación: Ao igual que o dato anterior pode ser variable, indicar todo o rango de orientacións no que se localizan as mostras recollidas.

Método de Mostreo	Aleatorio Regular Transecto Centro da poboación Periferia da poboación Outro.....	Nº de plantas adultas localizadas	1-10 10-50 50-500 > 500	Nº de plantas adultas mostreadas	1-10 10-50 50-500 > 500	Fenoloxía froito
						<input type="checkbox"/> Pasado <input type="checkbox"/> Óptimo <input type="checkbox"/> Inmaduro
						Procedencia
						<input type="checkbox"/> Planta <input type="checkbox"/> Solo <input type="checkbox"/> Planta/Solo
Área de ocupación aprox. m²(opc.)				Área mostreada aprox. m²(opc.)		

Área de ocupación: Opcional. Estima aproximada da superficie de ocupación da especie, sendo esta a área dos polígonos delimitados pola presenza da especie en cada un dos núcleos poboacionais.

Área mostreada. Opcional: Estima aproximada da área dos núcleos de presenza que foron mostreados.

Tipo de vexetación	<input type="checkbox"/> Herbáceo <input type="checkbox"/> Mato <input type="checkbox"/> Forestal <input type="checkbox"/> Cantil <input type="checkbox"/> Duna <input type="checkbox"/> Marisma <input type="checkbox"/> Curso Fluvial <input type="checkbox"/> lagoa/charca/encoro <input type="checkbox"/> Outro:
Especies acompañantes:	
Substrato xeolóxico:	
Textura do Solo	<input type="checkbox"/> Cascallo <input type="checkbox"/> Area <input type="checkbox"/> Franco-areoso <input type="checkbox"/> Franco <input type="checkbox"/> Franco-arxiloso <input type="checkbox"/> Turba <input type="checkbox"/> Sen solo
Observacións:	
Uso do solo:	
Activo: Si/Non:	

Tipo de vexetación: Clasificación sinxela do tipo de vexetación. Para unha descrición máis detallada, por exemplo da Comunidade Vexetal, empregar o apartado Observacións.

Especies acompañantes: Detallar as especies máis frecuentes no hábitat, con nomes científicos ou vulgares.

Uso do solo: descrición breve do uso do solo. Ex: Forestal, Gandeiría extensiva, Recreativo, ...

Observacións: Recoller información relevante sobre os froitos, como presenza de fungos, predadores., tipo de dispersión observada. Información sobre os problemas observados para a conservación da especie.



COLECCIÓN DE XERMOPLASMA
BIODIV_GNP

Banco(s) de Xermoplasma			
ID Colección		Nº de Colleita	
Colector		Voucher Herbario	Si/Non Nº:
Fotos asociadas:			

Taxon			
Nome común (lingua)			
Estado		Provincia	
Concello			
Localidade			

Coordenadas UTM (m)	X		
Datum:	Y		
Arquivos GPS (opc.)			
Altitude (m):			
Profundidade auga (m)(acuáticas):			
Pendente (%):			
Orientación:			

Método de Mostreo (<i>escoller un</i>)	Aleatorio Regular Transecto Centro da poboación Periferia da poboación Outro.....	Nº de plantas adultas localizadas	1-10 10-50 50-500 > 500	Nº de plantas adultas mostreadas	1-10 10-50 50-500 > 500	Fenoloxía froito
						<input type="checkbox"/> Pasado <input type="checkbox"/> Óptimo <input type="checkbox"/> Inmaduro
						Procedencia
						<input type="checkbox"/> Planta <input type="checkbox"/> Solo <input type="checkbox"/> Planta/Solo
Área de ocupación aprox. m²(opc.)				Área mostreada aprox. m²(opc.)		

Tipo de vexetación	<input type="checkbox"/> Herbáceo	<input type="checkbox"/> Mato	<input type="checkbox"/> Bosque	<input type="checkbox"/> Plantacións forestais
	<input type="checkbox"/> Cantil	<input type="checkbox"/> Duna	<input type="checkbox"/> Marisma	<input type="checkbox"/> Curso Fluvial
	<input type="checkbox"/> charca/encoro	<input type="checkbox"/> Turfeira	<input type="checkbox"/> Cultivos	<input type="checkbox"/> Urbano
	<input type="checkbox"/> Solos esqueléticos	<input type="checkbox"/> Outro:		

Especies acompañantes:

Substrato xeolóxico:					
Textura do Solo	<input type="checkbox"/> Cascallo	<input type="checkbox"/> Area	<input type="checkbox"/> Franco-areoso	Uso do solo:	
	<input type="checkbox"/> Franco	<input type="checkbox"/> Franco-arxiloso			
	<input type="checkbox"/> Turba	<input type="checkbox"/> Sen solo		Activo: Si/Non:	

Observacións: